

**SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS**  
**PERMANENTES DO DÍA 26 DE MAIO DE 2009**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e seis de maio de 2009, reúnenos simultaneamente nun mesmo acto, tal e como establece o artigo 134.1 alínea 4ª do Regulamento orgánico municipal, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, os membros das comisións informativas permanentes de estudo, informe, consulta e seguimento, coa denominación e concelleiros adscritos que a continuación se relacionan, segundo se deriva das actas da sesión extraordinaria da corporación municipal de data 13 de xullo de 2007 e da sesión ordinaria de 26 de xullo de 2007.

A) Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica.

Asistentes:

- Presidente: Don Francisco Javier Varela Tejedor, do PSdeG-PSOE.
- Don Felipe Andreu Barallobre, do PP.
- Don Antón Otero Domínguez, do BNG.
- Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU.
- Don Manuel Marante Gómez, do GM (PG).

Asisten, como persoal da Corporación para efectos informativos, dona Katia Carballo Coego, asesora de proxectos, e dona Mª Irache Enríquez Albaina, interventora.

B) Comisión Informativa de Ordenación do Territorio, Medio Ambiente, Obras e Servizos.

Asistentes:

- Presidente: Don Antonio Varela Saavedra, do PSdeG-PSOE.
- Don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP.
- Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG.
- Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU.
- Don Manuel Marante Gómez, do GM (PG).

C) Comisión Informativa de Educación, Benestar Social, Cultura, Normalización Lingüística e Participación Cidadá.

Asistentes:

- Presidente: Don Jaime Manuel López Lisnier, do PSdeG-PSOE.
- Dona Goretti Pérez Eléxpuru, do PP.
- Dona Gumersinda Becerra Montes, do BNG.
- Don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU.
- Don Manuel Marante Gómez, do GM (PG).

Faise constar que asisten, ademais, os seguintes membros dos grupos municipais: dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago e dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín, do PSdeG-PSOE; dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, do PP; e dona Laura Fernández Martínez, do BNG.

Asiste, como secretaria, dona M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia, secretaria da corporación.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

**COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, RÉXIME INTERIOR,  
FACENDA E PROMOCIÓN ECONÓMICA**

**1º Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes ás seguintes sesións: ordinaria conxunta do día 27 de xaneiro de 2009 e ordinaria conxunta do día 25 de febreiro de 2009**

O Sr. presidente pregunta se algún dos membros da Comisión Informativa ten algunha observación que formular aos borradores das actas correspondentes ás sesións ordinarias dos días 27 de xaneiro e 25 de febreiro de 2009.

Non se formula ningunha observación polo que, a Comisión Informativa, por unanimidade

dos cinco concelleiros que a compoñen, aprobou os citados borradores.

## **2º Proposta de modificación dos cronogramas, distribución orzamentaria anual e entre actuacións, incluídas no proxecto “Arume”**

Vista a proposta de Alcaldía de data 21 de maio de 2009.

Concedida a palabra á asesora de proxectos dona Katia Carballo Coego, expón os motivos da proposta e a súa xustificación.

O Sr. presidente somete a votación ordinaria o asunto. Votan a prol o concelleiro do PSdeG-PSOE e o concelleiro do BNG, e abstéñense o concelleiro do PP, o concelleiro de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A comisión, en votación ordinaria, por dous votos a prol, en aplicación do sistema de voto ponderado, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordo ao pleno da corporación:

Primeiro: Modificar os cronogramas de actuación das seguintes actuacións:

- Pista de skate: aplazar a súa execución dende o 2009 ata o segundo trimestre de 2010 por falta de dispoñibilidade de terreos
- Plan de humanización do Graxal: prolongar a súa execución ata o primeiro trimestre de 2011 motivado pola complexidade das accións precisas para a execución do plan
- Rexeneración urbana do Campo da Feira: prolongar a súa execución ata o primeiro trimestre de 2011, motivado pola necesidade de contar con informes preceptivos de Patrimonio

Segundo: Modificar os orzamentos anuais destinados ás actuacións seguintes:

- Pista de skate: 160.000,00 € a consignar nos orzamentos do 2010
- Plan de humanización do Graxal: 168.000,00 € a consignar nos orzamentos do 2009, 232.997,91 € a consignar nos orzamentos do 2010, 534.663,89 € a consignar nos orzamentos do 2011
- Rexeneración urbana do Campo da Feira: 69.050,45 € a consignar nos orzamentos do 2009, 275.400,60 € a consignar nos orzamentos do 2010, 106.350,15 € a consignar nos orzamentos do 2011

Terceiro: Ampliar o orzamento asignado á Casa da Cultura en 400.000,00 €, con cargo ao orzamento da Ludoteca, quedando os importes como seguen:

- Casa da Cultura: 800.000,00 €
- Ludoteca: 39.696,50 €

**3º Proposta de aprobación da contía de prezo público correspondente ao acordo número 1 regulador do prezo público por actividades culturais**

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Facenda, Comercio e Emprego de data 19 de maio de 2009.

O Sr. presidente somete a votación ordinaria o asunto. Votan a prol o concelleiro do PSdeG-PSOE, o concelleiro do BNG, o concelleiro de EU-IU, e abstéñense o concelleiro do PP e o concelleiro do GM (PG). Don Manuel Marante Gómez xustifica a súa abstención porque non vai a poder estar no pleno.

A comisión, en votación ordinaria, por tres votos a prol, en aplicación do sistema de voto ponderado, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordo ao pleno da corporación:

Primeiro: Aprobar a seguinte contía de prezo público correspondente ao acordo n.º 1 regulador do prezo público por actividades culturais:

CONCEPTO	IMPORTE
Actividade “Viaxe ao Balneario de Guitiriz”	40 euros

Segundo: Publicar para o seu xeral coñecemento no Boletín Oficial da Provincia segundo o disposto no artigo 59.6 a) da Lei 30/1992, de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Terceiro: O presente acordo de establecemento do prezo público entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

#### **4º Rogos e preguntas**

##### **Rogos do PP presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 6154 o día 23 de maio de 2009.

1º Entre as obras do FEIL encontrábase o acondicionamento do centro social de Anceis. Segundo rogaba a carta enviada polo concelleiro de Economía e Facenda a todos os veciños do concello, a obra daría comezo en abril. Non obstante, finalizado o mes de maio, aínda non se teñen iniciado as obras. Rogamos ao equipo de goberno que nos informe dos motivos do atraso.

Dona Mª Jesús González Roel, do PP, aclara que falou con don José Venancio Salcines, quedou con el para mañá ás 11 h., polo que contestarallo mañá.

2º Rogamos ao goberno local nos informe dos motivos polos que a marquesiña situada ao carón da Casa das Palmeiras non se recepcionou aínda.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que cando se tratou de entregar ao concello polo convenio formalizado no seu día e dado que antes da recepción tivo lugar un accidente que afectou á estrutura da marquesiña, o concello non a recibiu.

Non se reparou polo goberno da Xunta, e pola Dirección Xeral de Transportes enviouse unha addenda na que o concello se comprometía a recibir a marquesiña unha vez se fixeran as reparacións. A addenda asinouse e enviouse á Xunta, e supón que polo cambio electoral non se recibiu asinada.

Don Felipe Andreu Barallobre, do PP, pregunta se non se fixeron xestións contra o vehículo causante dos danos.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que se enviou á Xunta a matrícula do coche, o seguro e todos os datos de que se dispuña no concello.

3º Rogamos ao equipo de goberno nos informe dos incidentes acaecidos recentemente coa corta de varias árbores no lugar da Pagueira, en Brexo-Lema.

O Sr. alcalde contesta que pediu informes á Policía e non teñen nada ao respecto na Pagueira.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP, di que si é na Pagueira, e incluso falou coa concelleira dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos.

Dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín contesta que si, que houbo un expediente de disciplina. Segundo o informe técnico valía cunha poda selectiva, pero o señor quería a curta completa.

Don Felipe Andreu Barallobre di que se lle deu permiso para curtar 12 árbores, segundo autorización de Medio Ambiente.

Don Nicolás José Cubeiro conclúe que se leva 5 anos con este tema, e que se faga o que se deba facer segundo os informes técnicos pertinentes, pero queren que se conteste ao interesado.

O Sr. alcalde di que se mirará o expediente.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

## **COMISIÓN INFORMATIVA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO, MEDIO AMBIENTE, OBRAS E SERVIZOS**

### **1º Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes ás seguintes sesións: ordinaria conxunta do día 27 de xaneiro de 2009 e ordinaria conxunta do día 25 de febreiro de 2009**

O Sr. presidente pregunta se algún dos membros da Comisión Informativa ten algunha observación que formular aos borradores das actas correspondentes ás sesións ordinarias dos días 27 de xaneiro e 25 de febreiro de 2009.

Non se formula ningunha observación polo que, a Comisión Informativa, por unanimidade dos cinco concelleiros que a compoñen, aprobou os citados borradores.

## **2º Rogos e preguntas**

### **Rogos do PP presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 6153 o día 23 de maio de 2009.

1º Nas últimas semanas plantáronse na rúa Tapia varios exemplares de buxo en espiral. Rogamos ao equipo de goberno nos informe de canto custaron estes exemplares e como se vai a realizar o seu mantemento e o da mediana axardinada da rúa Tapia.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín contesta que están en maceta, non é buxo, é ciprés, e o custo é de 259 € cada exemplar coa terra, sen a maceta, e o mantemento é de 22 € anual por xardineira, rego en verán e poda, e substitución en caso de que se seque.

Dona Mª Jesús González Roel, do PP, pregunta pola zona da mediana.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín contesta que está incluída no mantemento de zonas verdes, faino a empresa que puxo a mediana. Van a primeira hora polo tema do tráfico.

Dona Mª Jesús González Roel responde que non se está facendo o mantemento.

2º Veciños do Graxal amosáronnos o seu malestar polo proxecto de rehabilitación do parque infantil do Graxal, en particular, porque nel se manteñen o beirado de formigón que separa as zonas axardinadas das zonas de xogo e as zonas de paso. Así mesmo, numerosos veciños solicitáronnos que se instalen na zona, aproveitando as obras, uns aseos públicos para o uso dos nenos e os adultos. Rogamos ao equipo de goberno que dea as ordes precisas para eliminar o beirado de formigón e para instalar os aseos públicos reclamados.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín contesta que os veciños non manifestaron o seu malestar no concello, non hai queixa de ningún tipo e tampouco se está en obras a día de hoxe. A obra é das incluídas no FEIL.

Don Felipe Andreu Barallobre responde que lle deron queixas a el os pais dos nenos. Viu o proxecto, e o que se fai é levantar o que hai. Cámbiase o céspede por céspede artificial, quítase a zona de pedra e substitúese por caucho, e mantense o beirado. Os pais piden que se aproveite agora e se quite o beirado. Pediu os planos fai unha semana e non llos deron.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín di que o beirado de formigón está fóra da zona de xogos, e en canto aos aseos, non está contemplado na obra, pero instalaranse como os do campo da feira, unha vez que se vexa o mantemento e onde se poden colocar.

### **Rogos de EU-IU presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 6155 o día 23 de maio de 2009, xunto coas preguntas para esta comisión.

1º Dende hai tempo vimos observando como os carteis informativos da realizacións das distintas obras no concello, unha vez rematadas estas non son retirados e algúns deles acaban caendo debido á súa lóxica deterioración.

Ante isto o noso grupo municipal prega:

- Se leve a cabo a detección de todos estes carteis e se retiren canto antes, ou se esixa isto a quen corresponda.

Dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín contesta que a brigada de obras xa os retirou nalgunhas zonas, e deulles orde para que vaxan a retiralos todos.

2º Actualmente estase desenvolvendo a implantación da Axenda Local 21 no ámbito dos concellos integrados no Consorcio das Mariñas, como base para avanzar cara a un modelo de mobilidade máis racional e respectuoso co medio ambiente.

Co fin de acadar un desenvolvemento sostible dende o punto de vista económico, social e ambiental, estase a traballar nun plan de acción local, como instrumento básico de decisión nas actividades de goberno do concello.

Ante isto o noso grupo municipal prega:

- Se nos informe do estado de implantación da Axenda Local 21 no concello de Cambre, así como do estado no que se atopa o desenvolvemento do Plan de acción local, de que tipo de medidas se dispón e como afectará ao noso concello.

Dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín contesta que, recompilada a información, e concluídas as mesas de participación en novembro, realizouse unha auditoría ambiental en dúas fases, prediagnóstico e diagnóstico. Agora estase redactando o plan de acción e volveranse a convocar as mesas de participación.

Don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU, pide o acceso á información.

Dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín contesta que lles deron un CD e lles pode facilitar a dita información.

### **Preguntas de EU-IU presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 6155 o día 23 de maio de 2009, xunto cos rogos para esta comisión.

1<sup>a</sup> Xa foron varios os desprendementos rexistrados no noiro do Paseo Marítimo do Temple. Na actualidade existe un tramo que segue sinalizado con cinta de balizar. A marxe de estar convencidos de que non é este o mellor sistema para garantir a seguridade das persoas que diariamente transitan pola zona, sorpréndenos a lentitude que amosa o concello para solucionar o problema.

Ante esta situación o noso grupo pregunta:

Cales son os motivos dos continuos derrubamentos do terreo? Que prazos de actuación teñen previstos para arranxar o dito problema e garantir a seguridade das persoas?

Dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín contesta que se remitiu a Costas un informe do enxeñeiro de camiños municipal con todos os problemas que houbo na zona do paseo. Algúns problemas foi arranxándoos a brigada de obras, pero enviouse o informe para que sexa a Demarcación de Costas a que faga un estudo de por que hai tantos problemas, e a día de hoxe non contestaron.

2<sup>a</sup> Rematado o prazo de presentación de alegacións sobre o Estudo de impacto ambiental do proxecto “Ampliación de pista do aeroporto da Coruña” onde os concellos limítrofes de Culleredo e Oleiros xa teñen manifestado con gran preocupación, a súa posición respecto do problema.

O noso grupo fai a seguinte pregunta:

- Pode informarnos o Sr. alcalde das xestións realizadas e das medidas tomadas en relación ao mencionado proxecto?

- Pode informarnos o Sr. alcalde se no ente supramunicipal do Consorcio das Mariñas foi tratado o tema, tendo en conta a importancia que supón para o conxunto da área metropolitana?

O Sr. alcalde contesta que houbo unha reunión entre Culleredo, Oleiros e Cambre, e quedouse en que Culleredo teña unha reunión con Aena.

En canto á pegada sonora, non afecta a Cambre, polo que non hai nada que facer, e en canto á ampliación da pista, verase cando veña, por se afecta.

Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU, manifesta que nalgunha zona si que pode afectar, e non se deu suficiente información á xente afectada, ademais, a información púxose tarde na páxina web. Cre que afecta e hai que estar moi atentos, considera que se debería tratar no Consorcio As Mariñas.

O Sr. alcalde responde que en canto á pegada sonora non se presentou nada porque non afecta, pero cando veña o proxecto de ampliación si que haberá que alegar, pois seguro que si afecta a Cambre, pois aínda que non afecte directamente a Cambre, si que dará lugar a incomodidades.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que a información que lles deu o alcalde foi moi por enriba, e no futuro hai que dar máis información, con máis tempo e con técnicos.

Por último, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

## **COMISIÓN INFORMATIVA DE EDUCACIÓN, BENESTAR SOCIAL, CULTURA,**

### **NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA E PARTICIPACIÓN CIDADÁ**

#### **1º Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes ás seguintes sesións: ordinaria conxunta do día 27 de xaneiro de 2009 e ordinaria conxunta do día 25 de febreiro de 2009**

O Sr. presidente pregunta se algún dos membros da Comisión Informativa ten algunha observación que formular aos borradores das actas correspondentes ás sesións ordinarias dos días 27 de xaneiro e 25 de febreiro de 2009.

Non se formula ningunha observación polo que, a Comisión Informativa, por unanimidade

dos cinco concelleiros que a compoñen, aprobou os citados borradores.

## **2º Rogos e preguntas**

Non se presentaron rogos nin preguntas.

E non habendo máis asuntos que tratar, cando son as vinte horas e corenta e cinco minutos, levántase a sesión, e, a teor do establecido no artigo 134.1, alínea 5ª do Regulamento orgánico municipal, exténdese a presente acta única, que é asinada polos presidentes das Comisións Informativas, de todo o cal, eu, secretaria dou fe.

Presidente da Comisión Informativa de  
Presidencia, Réxime Interior, Facenda e  
Promoción Económica

Presidente da Comisión Informativa de  
Ordenación do Territorio, Medio  
Ambiente, Obras e Servizos

Francisco Javier Varela Tejedor

Antonio Varela Saavedra

Presidente da Comisión Informativa de  
Educación, Benestar Social, Cultura,  
Normalización Lingüística e  
Participación Cidadá

Jaime Manuel López Lisnier

A secretaria

Mª Luisa de la Red Ampudia